





XUNTA
DE GALICIA

POLOS CREATIVOS

SA-11F5-Investigando as estrelas



Descarga o modelo




Imprime en cartolina




Recorta polas liñas



Prega os bordos




Engade pegamento




Wanda
Díaz Merced



Mary
Somerville









Sophia
Brahe




Josefina
Ling









Astronomía


"Se as persoas con discapacidade teñen acceso ao ámbito científico, terá lugar unha inmensa, titánica explosión de coñecemento"



Quedou cega mentres estudaba Física. No estudo do cosmos, os datos das observacións convértense en imaxes para o seu estudo, pero Wanda convérteos en sons, nun proceso chamado sonificación



Porto Rico (EE.UU.) 1982 -



Ciencia, literatura e erudición


"Quizais chegue o día no que incluso a gravitación, que xa non se considera un principio último, poida resolverse nunha causa aínda máis xeral, que abranca todas as leis que regulan o mundo material"



Cando morreu, un importante xornal inglés considerouna "a raíña da ciencia do século XIX"



Escocia (R.U) 1780- Nápoles (Italia) 1872



Astronomía e horticultura


"Cando Dinamarca lembra o seu fillo Tycho, non deba esquecer a nobre muller que era a súa irmá, máis en espírito que no sangue. Esta estrela xurdida no noso ceo danés era polo tanto unha estrela dobre"



Participa en observacións astronómicas e eclipses colaborando co seu irmán



Dinamarca 1556-1643



Astronomía e fomento das vocacións científicas


"A ciencia non só son os grandes descubrimentos, senón os traballos metódicos e diarios que permiten chegar a eles"



Centra o seu traballo no estudo das estrelas e na contaminación luminosa



España 1958-



Astronomía e promoción da cultura científica




"A astronomía é como un quebracabezas que levanta sempre novas preguntas"



Fundou o Centro de Astrofísica da Universidade de Porto e o primeiro programa de licenciatura en astronomía de Portugal



Lisboa 1947-



Astronomía e maxisterio




"As noites de observación supuxeron horas de intenso frío, porque non podía vestir pantalóns nun tempo no que esta peza non se toleraba nas mulleres"



Foi a primeira astrónoma galega e a primeira muller española que defendeu unha tese de doutoramento sobre astronomía



Ourense (España) 1914- Santiago de Compostela (España) 2009



Astronomía e astrofísica




"Os átomos de calcio nos meus ósos, o osíxeno no meu sangue e todos os elementos que forman parte de min, todos foron fabricados polas estrelas. Somos os seus fillos, fillos das estrelas!"



Primeira presidenta da Academia Chilena de Ciencias. Descubriu unha supernova no momento de estourar



Santiago de Chile (Chile) 1946 -



Astronomía e radioastronomía



Científica, activista e revolucionaria, probablemente a física máis importante que tivo Australia en toda a súa historia




Durante a Segunda Guerra Mundial traballou en investigacións secretas sobre o radar




Australia 1912- 1981







- ❤️ Astronomía e alfabetización científica
- 💬 “Non hai ningún problema científico que poida ser resolto por un home que non poida ser resolto por unha muller”
- 📍 Foi pioneira na medición da rotación das estrelas dentro dunha galaxia e os seus traballos contribuíron ao estudo da materia escura
- 🔖 Estados Unidos 1928-2016



- ❤️ Astrofísica e fomento do estudo da Física
- 💬 “Canto máis diverso é un grupo de investigación ou de negocios, máis robusto é, máis flexible, e mellores éxitos obtén”
- 📍 Recibiu un premio dotado de £ 2,3 millóns que donou para axudar ás mulleres, ás minorías e aos estudantes refuxiados a estudar Física
- 🔖 Irlanda do norte (Reino Unido) 1943 -



- ❤️ Astrofísica e radioastronomía
- 💬 “A énfase no “descubrimiento” na ciencia sempre me desconcertou. Todos os científicos descubren respostas sobre como funciona o corpo, o mundo ou o universo”
- 📍 En 2004 descubriu un novo brazo en espiral na Vía Láctea, a galaxia na que se sitúa o sistema solar
- 🔖 Estados Unidos 1975 -



- ❤️ Astronomía e defensa da muller na ciencia
- 💬 “Creo que haberá mulleres astronautas algún día, igual que hai mulleres que pilotan avións”
- 📍 Nancy foi unha das primeiras mulleres executivas da NASA. Viviu para ver como a súa predición sobre as mulleres astronautas se facía realidade. É coñecida como a “nai do Hubble” polo seu papel no deseño deste telescopio espacial
- 🔖 Estados Unidos 1925-2018